


Observa a seguinte imaxe:



1 Que nome recibe este tipo de imaxes e para que serve?

- É un mapa do tempo e serve para informar do tempo atmosférico que vai haber mañá en España.
- É un mapa do tempo e serve para informar do clima dun determinado lugar nos próximos días.
- É un mapa do tempo e serve para predicir o tempo atmosférico que vai haber en España durante a primavera.

- 2 Tendo en conta a información do mapa do tempo que tes na páxina anterior, completa o seguinte parte meteorolóxico con estas palabras: **sol, nubes e claros, anubrado, sol, neve, tormentas, chuvias, tormenta, despexados, nubes.**

### PARTE METEOROLÓXICO

As ..... concentraranse mañá en Galicia. O resto do terzo norte da Península Ibérica permanecerá ....., mentres que no centro haberá ..... Nas illas Canarias gozarán do ..... Nas illas Baleares haberá ..... e algunha ..... illada na serra da Tramontana. Na costa mediterránea da Península lucirá o ....., salvo na parte norte, onde é posible que descarguen algunhas ..... No sur peninsular, en Ceuta e en Melilla, os ceos estarán ..... A ..... aparecerá no Pireneo de Lleida e na cordilleira Penibética.

- 3 Na clase de 4.º dun centro escolar construíron un caixón de base cadrada, con 1 m de lado, para recoller a auga de chuvia. Cada mes miden a cantidade que caeu. Estes son os seus resultados durante todo un ano:

Estación	Mes	Precipitacións
Inverno	Xaneiro	39,50 litros
	Febreiro	38 litros
Primavera	Marzo	49,72 litros
	Abril	36 litros
	Maio	43,45 litros
Verán	Xuño	24 litros
	Xullo	17,66 litros
	Agosto	10 litros
Outono	Setembro	21,22 litros
	Outubro	42,14 litros
	Novembro	57,33 litros
Inverno	Decembro	57,87 litros

En que mes choveu máis, en decembro ou en marzo? .....

Canto máis? .....


Segundo a táboa, en que estación do ano se produciron máis precipitacións?

.....

Cal foi a estación máis seca?

.....

4 Le a información sobre cada clima que tes a continuación, inventa un código de cores para a lenda e aplícao no mapa:



## INFORMACIÓN SOBRE CADA CLIMA

- **Clima atlántico**, das rexións do norte: precipitacións abundantes e temperaturas suaves todo o ano.
- **Clima continental**, das zonas do interior: precipitacións escasas, temperaturas altas en verán e baixas en inverno.
- **Clima mediterráneo**, do leste, o sur e as illas Baleares: precipitacións en outono e temperaturas temperadas en inverno e primavera.
- **Clima de montaña**, de altitudes superiores aos 1 500 m: precipitacións de neve e moito frío en inverno e veráns frescos.
- **Clima subtropical**, das illas Canarias: precipitacións escasas e temperaturas moi suaves todo o ano.